

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que se celebrará o día 15 de xaneiro de 2021, ás 12:00 horas.

ASUNTOS

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 1/2021, de 08 de xaneiro.

Asesoría Xurídica

2. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 314/2021, de 08/01/2021, pola que se dispón o acatamento e cumprimento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 4 dos da Coruña, de 29/12/2020, recaída no recurso PO 249/2019, sobre ratificación Pleno municipal solicitude participación en 2ª Fase POS+adicional 1/2019.

3. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 41103/2020, de 14/12/2020, pola que se dispón a comparecencia no procedemento concursal 574/20, do Xulgado de Primeira Instancia nº 5 dos de Santiago de Compostela.

4. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 42406/2020, de 22/12/2020, pola que se dispón a comparecencia no procedemento concursal 117/20, do Xulgado do Mercantil nº 2 dos da Coruña.

5. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 315/2021, de 08/01/2021, pola que se dispón o acatamento e cumprimento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 dos da Coruña, de 29/12/2020, recaída no recurso PA 68/2020, sobre tributos.

6. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 316/2021, de 08/01/2021, pola que se dispón o acatamento e cumprimento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 dos da Coruña, de 22/12/2020, recaída no recurso PA 9/2020, sobre tributos.

7. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 317/2021, de 08/01/2021, pola que se dispón o acatamento e cumprimento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 dos da Coruña, de 30/12/2020, recaída no recurso PA 152/2020, sobre tributos.

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

8. Dación de conta da Resolución de Presidencia n.º 2020/42632 do 28 de decembro de 2020, pola que se avoca a competencia para aprobar as bases reguladoras das axudas do proxecto PEL RELEVO (CP 2019.3.81000.3) para o fomento da contratación da xuventude da provincia da Coruña e dirixidas a afrontar o reto demográfico nos municipios de menor poboación, no marco do Programa Operativo de Emprego Xuvenil do Fondo Social Europeo (axudas EMP-POEJ), polas que se regulan

as subvenciones ás empresas e empregadoras para a contratación de persoas mozas inscritas no sistema nacional de garantía xuvenil.

9. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 2020/42633 do 28 de decembro de 2020, pola que se avoca a competencia para aprobar as bases reguladoras das axudas do proxecto PEL RURINNOVA (CP2019.3.81000.2) para o fomento do emprendimento entre a xuventude da provincia da Coruña e dirixidas a afrontar o reto demográfico nos municipios de menor poboación, no marco do Programa Operativo de Emprego Xuvenil do Fondo Social Europeo (EMP-POEJ), polas que se regulan as axudas ao emprendemento individual de persoas mozas inscritas no sistema nacional de garantía xuvenil.

Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos

10. Aprobación da estimación parcial do recurso de reposición interposto pola sección sindical da CIG contra o acordo da Xunta de Goberno de 02/10/2020 polo que se aproban as Bases xerais reguladoras dos procesos selectivos correspondentes á ampliación da Oferta de emprego público do ano 2018 e á Oferta de emprego público dos anos 2019 e 2020.

11. Aprobación da modificación das Bases xerais reguladoras dos procesos selectivos correspondentes á ampliación da Oferta de emprego Público do ano 2018 e á Oferta de emprego público dos anos 2019 e 2020.

12. Aprobación da modificación das Bases específicas que rexerán o procedemento selectivo de ingreso ao corpo de Axudante de arquivo e biblioteca (A2).

Servizo de Asistencia Técnica a Concellos

13. Aprobación dun informe sobre Modificación Puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre na U.E. nº 3.

14. Aprobación dun informe sobre avaliación ambiental estratéxica ordinaria da ampliación do aproveitamento hidroeléctrico de Portodiz, no río Furelos, concellos de Melide e Santiso.

15. Aprobación dun informe sobre Inicio do trámite de Información Pública da proposta de servidume acústica e plan de acción do Aeroporto da Coruña e solicitude de informe ás administracións afectadas.

ROGOS E PREGUNTAS